

Baixo o disfraz do xénero

Xuvenil A piratería descóbrese bandeira de liberdade para aquelas que racharon coas barreiras de xénero

Pirata é a historia de como se atopan Mary Read e Anne Bonnie, ou a reflexión de que ninguén é de ninguén, ou o relato da vida de Malinke, ou quizais a lenda de dúas piratas e dunha curandeira que desafiaron as normas que o seu sexo e a súa raza establecían para elas. Amálgama de todo isto, esta creación de María Reimóndez é unha reflexión sobre o xénero como *performance*, sobre o xénero como loita cunha mesma e sobre a dualidade que lle acabamos por opor a esta idea, cando na verdade, é unha realidade polimórfica.

Mary Read pasou a súa infancia vestida de rapaz: o engano era necesario para que a avoa con posibilidades termase da esposa viúva e da orfa que deixou o seu fillo, morto no mar. Mary Read viviu sempre sendo Mark Read: alistouse no exército, onde foi o mellor soldado, converteuse en pirata, onde era o mellor home do barco. As poucas veces que foi Mary os impedimentos obrigárona a desexar ser Mark: cando nena, tentaron abusar dela; cando casou, o seu home quería unha muller que se comportase como o facían todas as demais. Non obstante, a súa vida cambia cando coñece a Malinke (non per-

dan a marabillosa potencialidade deste personaxe): ela regálalle a capacidade de pórllle palabras á opresión que sentira no seu corpo e que ata entón era incapaz de nomear. E cando se atopa con Anne nun corsario, a protagonista decide por fin afirmarse en quen é, en quen son elas, desafiando a conservadora sociedade do XVIII. Eis un dos grandes acertos de Reimóndez, o recurso ao *cross-dressing* (transformismo) da protagonista, tan practicado por mulleres de todas as épocas para acceder a áreas que tradicionalmente lles estaban vedadas e tan presente nos textos literarios para promover unha visión máis aberta e fluída (co que isto ten de cambiante) dos xéneros. Se ben Mary abala nunha confusa visión sobre o xénero de seu, o encontro coas súas compañeiras posibilitará a súa afirmación como muller, que levará implícita a aceptación do seu nome orixinal (por primeiro). Tamén, o descubrimento de saber que precisa contar, porque contar é “existir”; aínda que isto lle traía a aprendizaxe de que quen escoita, ás veces, xa ten escrita a propia Historia (unidireccional, univalente e patriarcal). A pesar de que a súa evolución pode semellar , a

Pirata ·

María Reimóndez ·

Xerais, 2009 ·

344 páx · 17 euros



autora brinda con ela a posibilidade de explorar as fronteiras do “eu” como construto, amosando que as potencialidades xenéricas están en transformación constante.

Este argumento apaixonante, que mestura historia, ficción e ideoloxía con habilidade (mais en partes desiguais), combínase con personaxes igualmente vibrantes. A autora coloca tres interesantes mulleres no primeiro plano: valentes, loitadoras, fortes, a cara da resistencia. Non obstante, se algo ten a novela en exceso é discursividade: a ideoloxía feminista enchoupa cada parlamento dos caracteres, que acaban por explicarse a si mesmos e isto, non hai que esquecelo, pode tirar ao lectorado da ilusión da ficción, namentres o priva de máis relatos de abordaxes (tentación que provocan algunhas das engaiolantes partes do texto, que fican nun estado embrio-



Anne Bonny, pirata irlandesa // **National Maritime Museum, Londres**

nario). *Pirata* é, sen dúbida, unha mostra da Reimóndez máis ideoloxizada. Tamén da mellor Reimón-

dez: cando se pecha a obra, Mary, Annie e Malinke seguen connosco. // **Montse Pena Presas**